

Corrección. VOCABULARIOS: OS SENTIMENTOS E A PERSONALIDADE

1. **Expresións** que fan referencia ao seu **estado** de **ánimo**: «desconcertada e asustada, coa angustia comprimíndome a gorxa», «esta carta abre para min unha fenda de esperanza», «porque me atopo moi aturdida e abraiada».

2. Resposta aberta.

3. **Clasifica** os **adxectivos** segundo designen un **estado** de **ánimo positivo** ou **negativo**.

Positivo: contento/a, relaxado/a, acougado/a, optimista, dinámico/a, compracido/a

Negativo: tristeiro/a, nervioso/a, inquedo/a, pesimista, apático/a, insatisfeito/a.

4. **Completa** o cadro con **substantivos**, **verbos** e **adxectivos** da **mesma familia léxica**.

5. **Relaciona** o **significado** das **frases feitas**.

«Coma el/a viven os galos» → **preguiceiro/a**

«Non lle cocer o xenio» → **impaciente**

«Ser un augas mornas» → **apático/a**

«Ser lavadiño/a das falas» → **educado/a**

«Ter moita terra na Habana» → **fachendoso/a**

«Non dicir nin arre nin xo» → **indeciso/a**

«Ser aberto/a de man» → **xeneroso/a**


«Ser un cabeza de amieiro» → **ignorante**

«Ter o formigo» → **inquedo/a**

«Ser cabeza de vento» → **informal**

6. **Sinala** os **adxectivos** que lle acaen á **personalidade** do **personaxe** do texto: **presumida**, **insolente**, **altiva** e **resabida**.

7. Resposta aberta



Substantivo	Verbo	Adxectivo
anoxo	anoxar	anoxado/a
abraio	abraiar	abraiante
fastío	enfastiar	enfastiado/a
noxo	anoxar	noxento/a
medo	amedrentar	medroso/a
sorriso	sorrir	sorrinte
cobiza	cobizar	cobizoso/a
feitizo	enfeitizar	feiticeiro/a
ledicia	aledar	ledo/a
razón	razoar	razoable
paixón	apaixonar	apaixonante
vinganza	vingar	vingativo/a
fachenda	fachendear	fachendoso/a
teimosía	teimar	teimudo/a